




Artículo Red Incopyme  
en la Revista  
“Ultreia”

**Proyecto Red INCOPYME**  
Fomento de la Cultura Innovadora

*El presente documento contiene el artículo publicado en la revista Ultreia sobre el proyecto Red Incopyme*





# ULTREIA

REVISTA DE POLÍTICA REXIONAL EUROPEA

NÚM.3 / NOVEMBRO 2009



## CALIDADE E ORIXE

EUROPA AMPARA OS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS

ENTREVISTA A SAMUEL JUÁREZ, CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL / OS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DINAMIZAN AS BISBARRAS GALEGAS DENDE 1991 / E-HOSPITAL, APRENDIZAXE ELECTRÓNICA PARA ADULTOS HOSPITALIZADOS / O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA LIDERA UN PROXECTO DE INNOVACIÓN NO SECTOR DAS ENERXÍAS RENOVABLES / ENTREVISTA A ELENA DE MIGUEL, RESPONSABLE DO SECRETARIADO TÉCNICO CONXUNTO DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA

XUNTA DE GALICIA



**PODERÍA PENSARSE QUE A GALICIA RURAL NON TEN QUE VER COA GALICIA INNOVADORA, PERO DA LECTURA DESTE EXEMPLAR DE ULTREIA PODEMOS CONCLUÍR QUE HAI UNHA ESTREITA RELACIÓN, QUE OS CARTOS EUROPEOS AXUDAN A DOTAR O MEDIO RURAL DUNS SERVIZOS PARA MELLORAR O SEU ATRACTIVO E FIXAR POBOACIÓN. NESE PROCESO A I+D+i TEN MOITO QUE VER COMO VÍA DE PROSPERIDADE E RECEITA PARA SAÍR DA CRISE NA GALICIA RURAL E TAMÉN NAS CIDADES. PROMOVER A INNOVACIÓN OU A COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA É O CAMIÑO.**

## SUMARIO

### 4 Actualidade

Galicia lidera un proxecto de I+D+i para adegas de toda Europa e traballa noutras iniciativas ligadas ás novas tecnoloxías.

### 10 Entrevista a Samuel Juárez

O conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia afronta o reto de aproveitar os fondos europeos para fixar poboación nun contorno competitivo.

### 14 Calidade, tradición e innovación

As denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas son un instrumento fomentado pola UE para pór en valor produtos agroalimentarios de calidade.

### 18 Os Grupos de Desenvolvemento Rural

Os cartos que achega Europa nutren a 31 colectivos dinamizadores do rural no eido económico, social, cultural e medioambiental.

### 22 39 millóns para depurar e abastecer de auga

Os fondos FEDER e de Cohesión axudan á construción de novas estacións depuradoras e redes de colectores e abastecemento.

### 24 E-hospital

Unha iniciativa na que Galicia participa con outros cinco países facilita que os enfermos de longa hospitalización poidan formarse grazas ás novas tecnoloxías.

### 27 Un novo xeito de percorrer Mondariz-Balneario

O concello máis pequeno de España pode visitarse, grazas aos fondos FEDER, coa axuda dunhas audioguías que se poden levar no peto.

### 28 Informe Barca

Dez propostas para reformar a política europea de cohesión adaptadas aos desafíos como consecuencia da unificación dos mercados.

### 30 A Tecnópole mira cara ás enerxías renovables

O Parque Tecnolóxico de Galicia lidera un proxecto de innovación para mellorar a competitividade das pemes dun sector en alza.

### 34 Entrevista a Elena de Miguel

A responsable do Secretariado Técnico Conxunto do POCTEP ofrece algunhas das claves para entender a cooperación transfronteiriza con Portugal.

### 36 Cooperación para fomentar pemes innovadoras

A Rede Incopyme recolle o esforzo de sete socios de carácter tecnolóxico para que as empresas da Euro-rrexión incorporen procesos de innovación.

### 39 Peixe verde, I+D+i no mar

Universidade, empresa e Administración complementanse para optimizar o consumo enerxético da flota co apoio do Porto de Celeiro.

### 42 Opinión

Tres dos integrantes do Grupo Jean Monnet da Universidade da Coruña expoñen a súa visión sobre os fondos europeos e o efecto da ampliación da política rexional.

### 46 Pais e nais de Europa

Semblanza de Jean Monnet, un dos arquitectos da Unión Europea, que presidiu nos anos cincuenta a Comunidade Europea do Carbón e Aceiro.



## Rede Incopyme

# COOPERACIÓN PARA FOMENTAR PEMES INNOVADORAS

**SETE SOCIOS DE CARÁCTER TECNOLÓXICO, EMPRESARIAL E UNIVERSITARIO DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL PARTICIPAN NUN PROXECTO ORIENTADO A PROPORCIONAR SERVIZOS PARA QUE AS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DA EURORREXIÓN POIDAN INCORPORAR PROCESOS DE INNOVACIÓN E GAÑAR EN COMPETITIVIDADE**

A finalidade última da Rede Incopyme, que se desenvolve dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, é lograr que “o tecido produtivo da Eurorrexión incorpore a innovación empresarial a través de redes estables e asiduas de cooperación cos centros tecnolóxicos e de investigación”, anticipa Juan Sobreira Seoane, director de Innovación Tecnolóxica da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), entidade participante no proxecto.

Acadar os resultados agardados implica un abondoso traballo que Rede Incopyme vén realizando dende xaneiro de 2009 para crear unha situación de partida favorable. “Queremos fomentar a cultura innovadora como forma de sensibilizar ao empresariado do valor estratéxico da I+D+i para os seus negocios, co-

ñecer a demanda innovadora actual e potencial das empresas e a oferta dos centros tecnolóxicos e outros axentes innovadores para prestar apoio ás pemes, e, finalmente, formar profesionais capaces de intercomunicar produtivamente o sector privado cos centros tecnolóxicos”, resume Sobreira.

O horizonte temporal do proxecto conclúe a finais de 2010. Ata entón, todas as entidades participantes suman esforzos por rematar as actividades previstas, como a análise da oferta e demanda de innovación na Eurorrexión. De momento téñense identificado as fontes que describirán a oferta, “claramente segmentada entre universidades e outras entidades públicas e centros tecnolóxicos”, según Sobreira. Por outra banda, xa está definida a metodoloxía que servirá para ca-

racterizar a demanda de innovación existente nas empresas, das que se seleccionaron 15.000 para observar o seu nivel de implicación nas actividades de I+D+i. Os resultados estarán listos antes de concluír o presente ano.

A análise plasmarase nun Catálogo de Innovación e nun Observatorio, que actualizará os datos recompilados. “Ata o de agora a información sobre a oferta de investigación e innovación é pouco axeitada ao público industrial e empresarial”, apunta Sobreira, quen indica que a análise deberá servir para “proporcionar ás empresas un servizo modulado axeitado ás súas necesidades reais de I+D+i”.

### Novos axentes innovadores

Os recursos humanos e materiais que dean soporte á Rede Incopyme serán esenciais para o éxito do proxecto. “Escasean profesionais de innovación vinculados ao eido empresarial capaces de operar como verdadeiros axentes de innovación. Tamén faltan materiais didácticos e de apoio á innovación atractivos, prácticos e comprensibles no campo extra académico”, di Sobreira. O proxecto tratará de subsanar estas carencias coa elaboración deste material e a capacitación de 40 axentes da innovación e auditores tecnolóxicos, que recibirán formación e adquirirán competencias esenciais para o apoio do diálogo entre os centros de investigación e as empresas, así como na realización de *workshops* e creación de ideas de colaboración.

A preparación destes axentes e auditores debe contribuír a reducir barreiras de entrada, como as relacionadas coas empresas que nunca emprenderon proxectos de innovación. “O axente, neste caso, informará dos riscos, pero tamén desmitificará as complicacións. Así mesmo, un axente reducirá os temos de identificación e definición de proxectos de I+D+i naquelas



empresas que xa iniciaran unha traxectoria innovadora”, considera Sobreira.


Incopyme ofrecerá servizos de apoio á innovación empresarial ante o descoñecemento e a escasa colaboración entre centros de innovación e empresas, que se traduce nunha diverxencia de expectativas e intereses e na inconcreción de liñas de investigación en procesos empresariais. A acción bota man do cara a cara, así que se aproveitarán as visitas ás empresas para ofrecerlles información sobre a oferta dispoñible nos centros tecnolóxicos que máis se axuste ás súas necesidades ou sinalar as fontes de financiamento ás que poden acceder para afrontar todo o proceso de innovación. A intención “é acompañar as empresas en todas as etapas do mesmo, dende a definición da súa estratexia de I+D+i ata a formalización dun proxecto dentro de iniciativas locais ou europeas”, asegura o director de Innovación Tecnolóxica da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia.

Estas actuacións refórzanse coa celebración de seminarios e campañas de promoción e fomento da cultura innovadora nas pemes, que servirán para pór de manifesto as vantaxes e casos de éxito da investigación aplicada á empresa.

#### **Redes de colaboración**

O proxecto promocionará redes de colaboración para elevar o número de iniciativas innovadoras e intensificar a cooperación entre centros tecnolóxicos e empresas. Juan Sobreira estima que a situación actual “impide visualizar as vantaxes desta colaboración e aproveitar o potencial e capital histórico de experiencias anteriores”.

As estruturas mixtas agruparán simultaneamente empresas e centros de investigación da rexión transfronteiriza para que emprendan novos proxectos de forma conxunta. A ce-



*O PROXECTO CAPACITARÁ 40 AXENTES DA INNOVACIÓN E AUDITORES TECNOLÓXICOS, QUE ADQUIRIRÁN COMPETENCIAS ESENCIAIS PARA O APOIO DO DIÁLOGO ENTRE OS CENTROS TECNOLÓXICOS E DE INVESTIGACIÓN E AS EMPRESAS*

*OS SOCIOS DA REDE XA DEFINIRON A METODOLOXÍA QUE SERVIRÁ PARA CARACTERIZAR A DEMANDA DE INNOVACIÓN EXISTENTE NAS EMPRESAS, DAS QUE SE SELECCIONARON 15.000 PARA OBSERVAR O SEU NIVEL DE IMPLICACIÓN NAS ACTIVIDADES DE I+D+I*

*“A REDE ABRE A PORTA CARA A UNHA INTERNACIONALIZACIÓN NATURAL DOS SERVIZOS DE UNIVERSIDADES E CENTROS TECNOLÓXICOS E, XUNTO COAS EMPRESAS, PERMITE AXILIZAR A DEFINICIÓN DE PROXECTOS DE GRANDE CALADO PARA DESENVOLVER EN ÁMBITOS DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE I+D+I,”*  
*EXPLICAN OS SOCIOS DA REDE*



lebración de feiras e outros eventos para a promoción e a colaboración entre empresa e centro investigador complementa esta liña de traballo.

#### **Internacionalización da I+D+i**

A perspectiva transfronteiriza no eido da innovación achega oportunidades interesantes para os tres compoñentes do sistema innovador: as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos. “Abre a porta cara unha internacionalización natural dos servizos de universidades e centros tecnolóxicos e, xunto coas empresas, permite axilizar a definición de proxectos de grande calado para desenvolver en ámbitos de programas internacionais de I+D+i,

especialmente, dentro do Séptimo Programa Marco”, explican os socios da Rede.

Incopyme tenta incrementar a innovación, dende o motor que representan as empresas, tendo en conta que “o grao de implantación é inferior ás súas respectivas medias nacionais, a pesar dos esforzos de promoción da I+D+i dende a Administración”, di Sobreira. O responsable de Innovación Tecnolóxica de ITG opina que “aínda queda moito camiño por percorrer á hora de impulsar os esforzos investidores no sector privado, especialmente entre as pequenas e medianas empresas”. Nesta liña, indica que a im-

plantación da innovación no sector empresarial está por baixo do 50% e moi lonxe do 75% que marcaba como desexable en 2005 a Estratexia de Lisboa.

Sobreira ilustra con cifras e tantos por cento a situación actual: “Un dos obxectivos medidos en esforzo investidor era que España chegase ao 2% en I+D+i sobre o PIB no horizonte de 2010, mentres que en Galicia se marcaba o 1%. Portugal estableceu unha expectativa desafortunada en 2008. O país lusitano cumpriu as súas pretensións, xa que en 2007 o esforzo investidor foi do 1,18%. España acadou un 1,27% en 2008”.

#### **DATOS**

**Coordinación do proxecto:** Universidade de Vigo.

**Socios:** Confederación de Empresarios de Pontevedra, CEP. / Fundación CEO para o Desenvolvemento Empresarial (Fundación CEO) / Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) / Asociación Empresarial de Portugal (AEP) (NOMBRE ORIGINAL: Associação Empresarial de Portugal) / TecMinhoAssociação Universidade Empresa para o Desenvolvemento. / Instituto de Engenharia Mecânica e Gestao Industrial(INEGI).

**Prazo de execución:** Xaneiro 2009-Decembro 2010.

**Orzamento:** 1.285.040 euros

**Achega comunitaria:** 963.780 euros

